

# A microestrutura dos adxectivos nun novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda* \*

Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

## Abstract

In this paper the configuration of the adjectives microstructure used in a new glossary of the *Cancioneiro da Ajuda* is exposed. The text we worked with is a new interpretative and still unpublished edition of the *Cancioneiro* carried out by Mariña Arbor. The preparation of the materials was done in the frame of the following three research activities: the Galician Historical Dictionary, the Dictionary of the Medieval Galician and the Historical Grammar of the Galician Language.

In the core of the microstructure there is linguistic information, distributed in the semantic, morphological, syntactic and phraseological sections. Since the *Cancioneiro* is a work in verse, these data are complemented with some literary remarks (inventory of the uses of the words in *incipit* and in rhyme position).

**Keywords:** Medieval Lexicography, *Cancioneiro da Ajuda*, Historical Linguistics, Glossary, Galician, Portuguese.

**Palavras-chave:** Lexicografía medieval, *Cancioneiro da Ajuda*, linguística histórica, glosario, galego, portugués.

## 0. Preliminares

A idea de facer un novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda* (CA) naceu na dinámica do traballo dun equipo de investigadores do ILG e/ou da USC que desde o ano 2006 vimos

---

\* Este traballo realizouse no marco de dous proxectos de investigación: (i) *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda*, realizado no Instituto da Lingua e financiado pola Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia (PGDIT06PXIB240159PR). (ii): *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos*, realizado no Departamento de Filoloxía Galega da USC e financiado polo MEC (HUM2007-61790).

realizando investigacións lingüísticas e paleográficas sobre este cancionero duocentista galego-portugués. O necesario punto de partida foi a existencia dunha nova edición, interpretativa, que se suma á de Carolina Michaëlis (1904) e sobre a cal decidimos erguer un novo glosario que complete o publicado en 1920 pola investigadora luso-alemá e que, sobre todo, sexa realmente o glosario de CA e non o dun cancionero ideal ou posible engordado con cantigas alleas ao manuscrito conservado<sup>1</sup>.

Esta nova edición púxo a noso dispor a súa autora, Mariña Arbor, a quen expresamos aquí o noso agradecemento. Da súa lectura debemos dicir que, pola aplicación nela de criterios filolóxicos rigorosos, resulta plenamente satisfactoria para os nosos propósitos. Sendo, como dixemos, interpretativa, non é tan intervencionista que non conserve os trazos lingüísticos pertinentes para os estudos léxico-gramaticais pero si o é razoablemente para evitar aqueles que, non sendo de interese, poden dificultar, innecesariamente, as análises e as deducións derivadas.

Este novo glosario de CA, realizado desde a admiración e o profundo respecto á persoa e á obra de Dona Carolina Michaëlis, estámolo construíndo tendo presentes catro empresas filolóxicas que se van beneficiar das novidades que achegue. A primeira e máis inmediata é o propio glosario, que acompañará a publicación da edición interpretativa e doutros estudos lingüísticos e paleográficos. As outras tres son de maior alcance e duración e dentro delas o glosario de CA é unha peza, entre outras moitas, que deberá axustarse no seu deseño e no tratamento dos seus datos aos condicionamentos metodolóxicos e á estrutura delas. No terreo lexicográfico contribuirá cos seus materiais á elaboración de dúas obras: o *Dicionario do Galego Medieval* (DGM) e o *Dicionario Histórico Galego* (DHG). No terreo da gramática histórica entrará, xuntamente cos materiais doutras obras medievais, a formar parte do banco de datos da *Gramática Histórica da Lingua Galega* que tamén se está elaborando no Instituto da Lingua Galega.

A nivel editorial pensamos ofrecer tres versións do glosario. En soporte papel aparecerá, acompañando a edición das cantigas, unha versión simplificada na que figurarán as informacións lingüísticas básicas. En soporte dixital ofreceremos unha versión estática completa (en formato PDF) e outra dinámica, en forma de aplicación informática (na rede ou en CD) que permitirá establecer, a conveniencia do usuario, os parámetros lingüísticos, históricos e literarios, alcanzar con esta interactividade unha mellor explotación dos datos e obter diferentes perfís de resultados.

Non podemos deternos a explicar aquí os criterios establecidos, pois son moitos e diversos e, á fin das contas, o que nos interesa é presentar como mostra da microestrutura do glosario a entrada dun adxectivo. Pero como hai un punto no que nos apartamos da editora do cancionero no establecemento das súas coordenadas históricas, sentímonos na obriga

---

<sup>1</sup> Dona Carolina incluíu como apéndice da súa edición 157 “poesias tiradas dos cancioneros Colocci-Brancuti e da Vaticana e que preenchem provavelmente lacunas do Cancionero da Ajuda” (páx. 625).

de xustificarnos por iso, ante ela e ante o lector. É ben sabido que as 310 composicións do *Cancioneiro da Ajuda* chegaronnos acéfalas, por faltaren nel as rúbricas atributivas. E non é menos certo que na edición do cancionero é perfectamente comprensible, polo menos inicialmente, unha actitude de base empírica e moi conservadora que exclúa do marco operativo todo aquilo que non forme parte da materialidade do cancionero, nomeadamente a atribución autorial. Desde esta postura non temos nada que reprochar a unha edición de CA, como a de Mariña Arbor, na que non exista a dimensión autorial. Pero unha cousa é editar unha obra e outra distinta é facer o seu estudo léxico e gramatical. Non tería sentido abordar a segunda tarefa, no glosario, prescindindo do marco autorial -coas súas connotacións cronolóxicas, biográficas, culturais e xeográficas- cando, por diferentes vías, é coñecida de vello e forma parte dos saberes da tradición crítica a autoría dunha grande parte das composicións de CA. Sería unha mutilación incomprensible que, pola imposibilidade de entrecruzamento do criterio autorial con outros, impediría a consecución de avances moi necesarios na crítica filolóxica dun cancionero do que, aínda hoxe, descoñecemos datos esenciais das coordenadas nas que se levaron a cabo a súa compilación e realización material.

Para a mención dos autores de CA adoptamos o sistema do proxecto *MEDDB 2*<sup>2</sup>, que ofrecemos en apéndice (*Apéndice 2*) en forma de listaxe ordenada alfabeticamente.

Nesta publicación damos noticia dos aspectos máis interesantes da microestrutura das entradas do glosario. Entre plasmar nela as reflexións metodolóxicas previas ao inicio da confección das voces e ofrecer como mostra unha entrada concreta, optamos polo segundo porque nos parece que dá del unha imaxe máis real e próxima. Como se fose unha primeira entrega ilustrativa ou pre-publicación, escollemos a microestrutura dos adxectivos, pois contén case a totalidade dos ítems -algúns exclusivamente adxectivos e de moito rendimento gramatical- e adáptase ben aos condicionamentos de espazo desta publicación. Decantámonos por *grande* por ser o adxectivo de maior frecuencia de uso en CA (415 ocorrencias por 149 de *bo*, 140 de *fermoso* ou 74 de *maior*, os seguintes na listaxe). A súa entrada no glosario, que reproducimos resumida e comentada como corpo central deste traballo, presenta unha grande amplitude nos máis importantes apartados da microestrutura: o morfosintáctico e o semántico.

Nas entradas do glosario empregamos dous esquemas de microestrutura (A e B). O primeiro (A) aplícase ás unidades de semántica unidaria e caracterízase por ter un apartado semántico simple e información semántica resumida no cabezal. O esquema B, sobre o que construímos a entrada de *grande*, aplícaselles aos adxectivos de semántica plural e caracterízase por presentar un apartado semántico complexo no que en cada acepción ou grupo de acepcións se reproduce, recursivamente, baixo un subcabezal e de forma plena, a estrutura semántica completa. Para facer máis doada a visualización da microestrutura incluimos en apéndice (*Apéndice 1*) un esquema ilustrativo.

<sup>2</sup> O *MedDB 2.1. Base de datos da lírica profana galego-portuguesa* pódese consultar no site do CIRP (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2>).

Todos os ítems da microestrutura correspóndense con datos de natureza lingüística. Pero quixemos concederlles relevancia especial e dobre tratamento –puramente lingüístico e premétrico– a aquelas formas que, por figuraren en posición prominente na cantiga (*incipit* e posición de rima), revisten interese para os estudos literarios.

A presenza de exemplos variará dunhas versións a outras do glosario. Para a versión en papel buscouse unha fórmula de máxima economía. A versión dixital en PDF constará dunha mostra significativamente maior de exemplos. Na versión dixital dinámica, en cambio, poderase recuperar integramente o exemplario.

Na referenciación dos exemplos empréganse tres configuracións diferentes de parámetros. A máis común é a da simple localización na obra mediante a indicación do número de cantiga e de verso (130:12). Outra menos común e máis completa é a da indicación da autoría e da localización (JSrzSom, 24:10). A máis simple é a da indicación só da autoría (JPrzAv). Sobre esta última formamos o modelo do subítem “Distribución autorial”, mediante o cal e en distintos apartados da microestrutura indicamos a nómina dos autores nos que se rexistra –e non– o uso dunha determinada unidade ou paradigma e do que damos aquí unha mostra representativa:

◆ DISTRIBUCIÓN AUTORIAL

◇ *Presenza* (15): AnV, FerGarEsg, FerPad, JGarGlh, JPrzAv, JSrzCoe (2), JSrzSom (4), MartSrz (2), NuFdzTor, PaySrzTav, PGarBu, RoyPaezRib, RoyQuey, VaFdzSend (2), VaGil (3).

◇ *Ausencia* (22).

Expostos estes preliminares, pasamos á presentación da entrada do adxectivo *grande*. Seguimos o esquema do glosario e inserimos algunhas mínimas explicacións da microestrutura. Por razón de espazo, na maior parte dos ítems non podemos reproducir integramente a información do glosario, polo que ou eliminamos datos ou adoptamos modelos de presentación diferentes que nos permiten manter a carga informativa. Por motivos distintos non desenvolvemos aquí o apartado da familia semántica e o apartado fraseolóxico.

## 1. Aspectos lingüísticos

### 1.1. Cabezallo

Na microestrutura está reservado o cabezallo para ofrecer de forma moi resumida un compendio das informacións lingüísticas máis relevantes. Na súa versión de máximo desenvolvemento, a das voces monosémicas, componse de cinco elementos que representan outros tantos parámetros:

◇ Lema (a)

- Lema moderno
- Lema medieval na obra
- Lema medieval en xeral

- ◇ N° de ocorrencias (b)
- ◇ Étimo (c)
- ◇ Categoría gramatical (d)
- ◇ Semántica (resumo) (e)

No establecemento do lema e na súa mención neste traballo escollemos como *incipit* o lema moderno –caso de conservarse a voz–. A razón é a vontade de preparación dos materiais e de disposición da información para o DHG, enfocado necesariamente desde o leuario do galego moderno (Santamarina, 2008). Ao seu par indícase o lema establecido no marco da obra e tamén, coas miras postas no DGM, o lema medieval xeral resultante da consideración de toda a masa textual galega medieval. Para establecer este último tomamos como referencia o noso corpus TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), complementado co DDMe (*Diccionario de dicionarios do galego medieval*).

Na cuantificación das ocorrencias faise referencia a *tokens* (formas gráficas). A consulta da táboa dos paradigmas (1.3.1) permite comparar esta cifra coa dos *types* (unidades gramaticalmente distintas).

Na información etimolóxica fuximos de calquera pretensión de exposición profunda e razoada da nosa proposta. Limitámonos a indicar o étimo e a súa camada lingüística, consonte os criterios das obras etimolóxicas de referencia (Corominas & Pascual 1991, Machado 1977, Lorenzo 1977, Nascentes 1932, Houaiss 2001, Cunha 1989).

No apartado correspondente á categoría gramatical indicamos, mediante abreviaturas regularizadas, a clase e subclase de palabra (verbo, substantivo común, substantivo toponímico, pronome persoal, artigo determinado...), o xénero no substantivo e a tipoloxía sintáctica do verbo (transitivo, intransitivo, impersoal, etc.).

No subapartado de información semántica recóllense as acepcións das que hai constancia no cancionero, diferénciase entre primitivas e derivadas e indícanse a relación e os termos dos procesos derivativos.

Ilustramos co substantivo *ollo* a presentación do cabezallo dunha voz de significado único:

**ollo** - *ollo* - *ollo* | (82) | (< lt. OCULUS, -I) | *Subs. com. m.* | ‘órgano do sentido da vista’.

Nas voces de semántica múltiple mantéñense no cabezallo os apartados (a-d)<sup>3</sup> e trasládase aos subcabezallos (1.2.1: *Semántica*) o resumo coa información semántica (apartado e). Nos subcabezallos precísase máis na indicación dos valores de categoría gramatical, establecidos no cabezallo cun grao menor de precisión. Cos seus tres

<sup>3</sup> Parcialmente no caso de (a), pois non se teñen en conta o lema na obra e o lema medieval xeral.

grupos de acepcións, o adxectivo *grande* ofrece unha excelente ilustración do reparto da información entre un e outros. Remitimos ao apartado 1.2.1 para a consulta dos tres subcabezallos. Aquí presentamos o cabezallo xeral:

**grande** - *grande* - *grande* | (415) | (< lt. GRANDIS, -E) | *Adx. cual.*

## 1.2. Semántica

A información semántica é un dos fluxos de información máis ricos do glosario e concéntrase no apartado *Semántica*, a continuación do *Cabezallos*. Neste apartado ofrécese, nos dous modelos de microestrutura (A e B), tres tipos de información: (i) a coñecida tradicionalmente como *definición(s)*, (ii) a *combinatoria* no texto con outras unidades de aparición regular no seu mesmo contexto (verbo e complementos, substantivo e adxectivos, adverbio e polaridade, etc.) e (iii) a *familia semántica* formada polas palabras do texto (CA) coas que forma unha rede paradigmática sustentada nas relacións semánticas cardinais comunmente consideradas (hiperonimia, hiponimia, sinonimia e antonimia). No modelo B, o das voces de semántica plural, figuran como cuarto elemento –primeiro na orde de aparición– os subcabezallos correspondentes coas acepcións ou grupos de acepcións diferenciadas. Neste caso os elementos (i-iii) reproducense recursivamente con cada subcabezallos.

### 1.2.1. Subcabezallos

A introdución deste apartado faise necesaria con voces que presentan pluralidade de acepcións. Dentro del a información fundamental é a semántica, que se presenta de forma resumida, como no cabezallos das voces de semántica unidaria. Acompañana outras informacións que si se contemplan no cabezallos pero con menor grao de particularidade. A cada grupo de acepcións correspóndelle un sublema, que se organiza no conxunto mediante numeración en superíndice (ou alfanumeración cando, por existiren no glosario lemas homógrafos, o lema xa leva superíndice). Elúdese, por redundante, a indicación do lema medieval na obra e do lema medieval xeral. Mantense a información do número de ocorrencias, referido aos casos que presentan esa semántica e, no plano categorial, indícase a subcategoría gramatical. Pola contra desaparece, por igualmente redundante, a información etimolóxica. De xeito esquemático, estes son os catro ítems presentes no subcabezallos:

- ◇ Sublema (numerado en superíndice)
- ◇ Nº de ocorrencias
- ◇ Subcategoría gramatical
- ◇ Semántica (resumo)

Ilustramos a estrutura interna do subcabezallos co adxectivo *grande* e os seus tres agrupamentos semánticos:

**grande**<sup>1</sup> | (400) | *Adx. cual.* | ‘De intensidade, abundancia, mérito, fortaleza, valor, importancia ou repercusión considerable’.

**grande**<sup>2</sup> | (14) | *Adx. cual.* | ‘De duración considerable’.

**grande**<sup>3</sup> | (1) | *Adx. cual.* | ‘De dimensión ou tamaño considerable’.

### 1.2.2. Acepções (definición) (localización na obra)

Na definición das acepcións, establecida normalmente por medio de sinónimos e non mediante o recurso á técnica da reversibilidade na construción das definicións, tense en conta de forma sistemática o contexto inmediato como factor de desambiguación da polisemia (os chamados coadxuvante categorial e, sobre todo, o coadxuvante sintáctico) (Santamarina, 2008:375-377). Outros auxiliares, como o dominio, o estilístico ou o retórico só ocasionalmente son tomados en consideración nas definicións. Distínguese, cando é posible, entre significados primarios –os primitivos ou indescompoñibles– e significados secundarios, derivados dos anteriores mediante especialización semántica por condicionamento contextual. O adxectivo *grande* non presenta en CA máis que significados primarios, polo que nos limitamos a expoñer as tres acepcións establecidas, con apoio dun exemplario representativo das ocorrencias e a súa localización no cancionero:

◇ ‘De intensidade, abundancia, mérito, fortaleza, valor ou repercusión considerable’ (399): 1:14, 2:1 (“*Sennor fremosa, grand’ enveja ei*”), 2:4 (“*en quant’ est’ é, faço mui gran razon*”), 2:6 (“*ca ei por vós eno meu coraçõ / tan gran cuita que mil vezes me ten, / sennor, sen fala et sen todo sèn*”), ..., 5:2 (“*gran dereit’ á de trist’ andar*”), ..., 9:16 (“*quen nunca gran fiuz’ ouver*”), ..., 16:2 (“*ei eu gran ben de mia sennor*”), ..., 28:15 (“*Mais gran med’ ei de me forçar*”), ..., 31:4 (“*de saber-me guardar de gran loucura*”), ..., 32:15 (“*de vós, por que cuita grand’ e cuidado / ei, ei, ei*”), 33:3 (“*todos perderon o dormir / con gran sabor que an de s’ ir*”), ..., 49:22 (“*mais d’ a ren ei ora gran pavor*”), ..., 63:15 (“*perque gran prazer / ela me faría*”), ..., 66:4 (“*a quen non ousarei dizer / da mui gran cuita ‘n que me ten!*”), ..., 74:12 (“*en / grand’ afan?*”), ..., 77:14 (“*de saber / quan gran sandeçe começei*”), ..., 98:7 (“*e trage-m’ en / gran coita voss’ amor*”), ..., 100:2 (“*gran vinganca soub’ El de min prender*”), ..., 105:1 (“*Ora vej’ eu que fiz mui gran folia*”), ..., 111:5 (“*Con mia morte me sería gran ben*”), ..., 129:20 (“*por que lle non diss’ o gran mal / e a gran coita que por ela ei*”), ..., 144:7 (“*A mia sennor gran pesar á*”), ..., 157:12 (“*pode guardar / da mui gran coita que eu ei*”), ..., 161:26 (“*e aquestes meus / ollos an i gran culpa*”), 162:7 (“*Ca non fora tan / gran cousa dizer / se se mi a min ben ouvess’ a parar / a mia fazenda*”), ..., 174:3 (“*El sab’ oge que con mui gran pavor / vos digu’ eu est*”), 174:8, ..., 189:9 (“*tan gran sabor ei eu de a veer*”), ..., 190:20 (“*mui gran verdade v9 direi*”), 192:4 (“*nostro Sennor; que á mui gran poder, / me dé seu ben*”), ..., 197:24 (“*que ten comigo grand’ amor*”), ..., 206:10 (“*pero ést’ assi, / ei tan gran coita d’ ir u ela é*”), ..., 212:13 (“*A que eu quero mui gran ben*”), ..., 229:11 (“*e vus faredes i / gran mesura, con mui bon prez*”), ..., 235:23 (“*vive-lo-ia a mui gran prazer*”), ..., 247:23 (“*e faz gran traición / o que ben á*”), ..., 250:6 (“*faz escaecer / a mui gran coita do mar*”), ...

251:26 (“*e esto me manten / grandes desejos que eĩ*”), ..., 255:28 (“*con gran tormenta o fara morrer*”), ..., 259:7 (“*E ben tenn’ eu que faço gran razon*”), ..., 262:8 (“*avedes sabor / do mui gran mal que mi-a min faz*”), ..., 266:14 (“*perderei / ja mui gran coita, pois assi Deus quer*”), ..., 307:2 (“*morrer, / sennor, veendo gran pensar*”), 309:1.

◊ ‘De duración considerable’ (14): 3:1, 27:24 (“*á gran sazon*”), 78:17, 82:11, 83:14, 126:10 (“*punnei eu á i / gran sazon*”), 134:15, 134:21 (“*soffreu tantas coitas tan gran sazon*”), 156:3, 182:2, 222:1, 234:1 (“*Gran sazon á que eu morrera ja*”), 264:13 (“*ca mui gran sazon / á que a quis*”), 270:10.

◊ ‘De dimensión ou tamaño considerable’ (1): 255:19 (“*e outros a que dá / grandes herdades e muit’ outro ben*”).

### 1.2.3. Combinatoria

A consideración da combinatoria semántica con outras unidades nos seus contextos de uso saca á superficie as regularidades experienciais e comunicativas das que son expresión as combinacións de palabras, ocasionais ou regulares –colocacións–, e ofrece un marco interpretativo completo desde o que abordar, na liña diacrónica, a deriva semántica das voces, a súa participación nos incesantes procesos de gramaticalización e mesmo as restricións sintácticas ás que, con frecuencia e sen motivación paradigmática, se ven sometidas as palabras.

Neste apartado do glosario deixamos constancia das asociacións semánticas a que dan lugar os dous esquemas sintácticos privilexiados polo adxectivo na súa proxección sintagmática. No interior da frase substantiva exerce de modificador e abre co substantivo a máis produtiva das súas vías de combinatoria semántica. Como núcleo da frase adxectiva polariza unha segunda vía combinativa co adverbio, semanticamente menos rica que a anterior pero, aínda así, con notable presenza nos contextos adxectivos.

#### 1.2.3.1. Con substantivos (415)

Na combinatoria cos substantivos presentamos por separado, con indicación do número de ocorrencias e da localización na obra, os usos frásticos e os usos oracionais, e nos primeiros distinguimos entre anteposición e posposición. Contabilizamos tanto os casos nos que os substantivos están expresos como aqueles nos que están sobreentendidos ou representados por substitutos pronominais. Achegamos tamén, en forma de táboa, un balance conxunto.

##### 1.2.3.1.1. Usos frásticos (409)

◊ Anteposición (403): • *afán* (5): 74:12, 156:14... • *amor* (2): 197:24, 257:15. • *ben* (89): 5:1, 8:6... • *coita* (144): 2:6, 5:28... • *cousa* (1): 162:7. • *culpa* (1): 161:26. • *dereito* (9): 5:2, 53:13... • *desexo* (1): 251:26. • *envexa* (1): 2:1. • *fiúza* (1): 9:16. • *folía* (1): 105:1. • *herdade* (1): 255:19. • *loucura* (1): 31:4. • *mal* (18): 16:12, 20:17... • *medo* (3): 28:15, 80:10, 80:16. • *mesura* (3): 131:20, 229:11, 249:13. • *pavor* (21): 21:7, 44:5... • *pesar* (24): 13:2, 34:2... • *poder* (8): 16:15, 16:22... • *pracer* (17): 45:2, 63:15... • *razón* (7): 1:14, 2:4... • *sabor* (23): 3:17, 33:3... • *sandez* (1): 77:14. • *sazón* (14): 3:1, 27:24...

• *tormenta* (1): 255:28. • *traizón* (1): 247:23. • *verdade* (4): 81:19, 151:3... • *vinganza* (1): 100:2.

◊ Posposición (6): • *coita* (4): “*coita grande*” (1): 231:17 [JGarGlh]; “*cuita grand*” (2): 9:1 [VaFdzSend], 32:15 [PaySrztav]; “*coitas grandes*” (1): 297:14 [VaRdzCal]. • *pesar* (1): “*pesar grande*” (1): 90:2 [PGarBu]. • *razón* (1): “*razon ... mui grande*” (1): 91:18 [PGarBu].

1.2.3.1.2. Usos oracionais (6)

◊ • *afán* (1): 74:13. • *coita* (4): 2:25, 265:5, 265:11, 265:17. • *pesar* (1): 203:13.

1.2.3.1.3. Resumo da combinatoria con substantivos

|                 | Usos frásticos |             | Usos oracionais | TOTAL |
|-----------------|----------------|-------------|-----------------|-------|
|                 | Anteposición   | Posposición |                 |       |
| <i>coita</i>    | 144            | 4           | 4               | 152   |
| <i>ben</i>      | 89             |             |                 | 89    |
| <i>pesar</i>    | 24             | 1           | 1               | 26    |
| <i>sabor</i>    | 23             |             |                 | 23    |
| <i>pavor</i>    | 21             |             |                 | 21    |
| <i>mal</i>      | 18             |             |                 | 18    |
| <i>pracer</i>   | 17             |             |                 | 17    |
| <i>sazón</i>    | 14             |             |                 | 14    |
| <i>dereito</i>  | 9              |             |                 | 9     |
| <i>poder</i>    | 8              |             |                 | 8     |
| <i>razón</i>    | 7              | 1           |                 | 8     |
| <i>afán</i>     | 5              |             | 1               | 6     |
| <i>verdade</i>  | 4              |             |                 | 4     |
| <i>medo</i>     | 3              |             |                 | 3     |
| <i>mesura</i>   | 3              |             |                 | 3     |
| <i>amor</i>     | 2              |             |                 | 2     |
| <i>cousa</i>    | 1              |             |                 | 1     |
| <i>culpa</i>    | 1              |             |                 | 1     |
| <i>desexo</i>   | 1              |             |                 | 1     |
| <i>envexa</i>   | 1              |             |                 | 1     |
| <i>fiúza</i>    | 1              |             |                 | 1     |
| <i>folía</i>    | 1              |             |                 | 1     |
| <i>herdade</i>  | 1              |             |                 | 1     |
| <i>loucura</i>  | 1              |             |                 | 1     |
| <i>sandez</i>   | 1              |             |                 | 1     |
| <i>tormenta</i> | 1              |             |                 | 1     |
| <i>traizón</i>  | 1              |             |                 | 1     |
| <i>vinganza</i> | 1              |             |                 | 1     |
|                 | 403            | 6           | 6               | 415   |

As posibilidades de aproveitamento destes materiais inventariados son innúmeras. Apuntan de forma clara ao desenvolvemento dos estudos sobre o léxico trobadoresco, pero non se circunscribe exclusivamente a eles o seu alcance. Nun nivel máis modesto e inmediato, o da pura estatística, salta á vista a especialización en CA do uso de *grande* como adxacente dun moi reducido número de substantivos e modulador semántico intensional de conceptos igualmente reducidos no seu número e, ademais, todos eles da mesma esfera semántica. O 83% dos casos materializan a combinatoria con só 7 substantivos do campo nocional dos sentimentos (*ben, coita, mal, pavor, pesar, pracer e sabor*). De entre eses sete conceptos, é a ‘coita’ o máis característico e emblemático: a combinatoria co substantivo *coita* representa case o 40% do total dos casos. Non hai dúbida de que se pode falar dunha forte ligazón en CA entre estas dúas palabras e os seus conceptos asociados –*grande e coita*–, pois nas cifras de frecuencia correspondentes a *coita* tamén é moi elevada a proporción dos casos de asociación a *grande* (case o 40% do total dos seus usos).

#### 1.2.3.2. Con adverbios (166)

Na combinatoria cos adverbios facemos un simple catálogo de unidades con indicación das ocorrencias:

◊ *mui* (116): VaFdZSend (6) [1:14, 2:4...]...

◊ *tan* (42): VaFdZSend (2) [2:6, 2:25]...

◊ *atan* (3): AnIII (VaPrzPar?) [272:6, 272:12, 272:18].

◊ *quan* (3): NuFdZTor (1) [77:14], FerGarEsg (2) [117:9, 119:3].

◊ *ben* (1): AnIII (VaPrzPar?) [267:5].

◊ *muito* (1): JlpzUlh [198:4].

#### 1.2.4. Familia semántica (hiperonimia, hiponimia, sinonimia e antonimia)

Se ben entendemos que se poida ter a aspiración de establecer e fixar os campos semánticos das unidades léxicas de CA, por representar o cancionero un universo conceptual e experiencial pechado e pouco variado, no glosario conformámonos con deixar constancia das asociacións semánticas establecidas sobre as catro relacións básicas de significado. A súa análise en positivo no interior da realidade léxica do cancionero revela a vertebración e a base diferencial dos conceptos. A análise en negativo do inventario léxico do cancionero en comparación coa globalidade do léxico medieval pon en destaque as unidades de semántica afin que foron desbotadas e amósanos as preferencias dos poetas –coas súas razóns– na escolla, no lexicón xeral, dos termos para representar eses contidos na fición trobadoresca. En suma, o recoñecemento das familias semánticas é un paso fundamental –e inevitable– no estudo semántico profundo do léxico cortés e na interpretación da construción conceptual e vestimenta léxica da cantiga de amor.

O estado actual da elaboración das voces do glosario, en moitos casos inacabadas na súa exploración semántica, fai preferible non presentar aquí a familia semántica de ningún dos grupos de acepcións de *grande*.

### 1.3. Morfoloxía

A información morfolóxica constitúe o outro foco principal de información. No caso das formas verbais consta de catro subapartados nos que se presentan (i) as expresións do paradigma, (ii) as variedades e esquemas das formas (simples e complexas), (iii) a existencia no paradigma de formas plenas e encurtadas e (iv) a familia morfolóxica.

#### 1.3.1. Paradigma: expresións e nº de ocorrencias (táboa resumo)

Neste apartado presentamos en forma de táboa un resumo da morfoloxía da palabra sen remitir á localización das formas na obra. Consideramos cada expresión por separado, aínda que forme parte de agrupacións polirremáticas.

En cada clase de palabra organizamos as formas no paradigma conforme os seus accidentes gramaticais característicos e ofrecemos tamén os datos ocorrenciais, tanto de cada forma como de cada magnitude gramatical dentro do paradigma (masculino, pretérito, segunda persoa do plural, totalidade do paradigma, etc.). Presentamos igualmente información da distribución autorial referida á totalidade de formas do paradigma. Estas táboas permiten unha primeira –e completa– valoración da morfoloxía da voz. Nelas son ben localizables as irregularidades, as lagoas morfolóxicas e mesmo algunhas peculiaridades non morfolóxicas, como as de tipo gráfico cando na edición non se uniformizaron algunhas formas que presentan variación no orixinal manuscrito.

Para os adxectivos, representados aquí por *grande*, teñen pertinencia o xénero e o número gramaticais:

|                  | <b>Singular</b>   | <b>Plural</b>      | <b>TOTAL</b> |
|------------------|---|--------------------|--------------|
| <b>Masculino</b> | <i>gran</i> (211)<br><i>grand'</i> (8)<br><i>grande</i> (3) | <i>grandes</i> (1) | 223          |
| <b>Feminino</b>  | <i>gran</i> (181)<br><i>grand'</i> (4)<br><i>grande</i> (5) | <i>grandes</i> (2) | 192          |
| <b>TOTAL</b>     | 412   | 3                  | <b>415</b>   |

#### ◆ DISTRIBUCIÓN AUTORIAL

◇ *Presenza* (33): PGarBu (53), RoyQuey (24), FerGvzSeav (23), JSrzSom (22), VaGil (22), VaRdzCal (22), RoyPaezRib (21), FerVelho (20), PayGmzCha (20), JSrzCoe (18), JGarGlh (17), MartSrz (17), VaFdzSend (17), FerGarEsg (15), JLpzUlh (14), AnIII (VaPrzPar?) (13), NunFdaTor (13), AyCarp (9), PaySrzTav (8), BonGen (8), JPrzAv (6), MenRdzTen (5), JVqzTal (5), AfLpzBay (5), PGmzBarr (4), AnVI (MartMo?) (3), FerPad (2), JNzCam (2), PEaSol (2), PPon (2), RoyFdz (2), AnI (RoyGmzBret?), NuRdzCan.

◇ *Ausencia* (4): Anónimo II (EstTrav?), AnIV (AfEaCot?), AnV, EstFai.

### 1.3.2. Paradigma: localización na obra

A panorámica xeral do apartado anterior completámola coa remisión dos exemplos ao número de cantiga e, dentro dela, ao número de verso. No sistema de presentación mantéñense a estrutura de accidentes gramaticais e as expresións, por seren paradigmas de poucas formas e non supoñer, por tanto, repeticións molestas:

◇ Masc. sg. (222): *gran* (212): 3:17, 5:1... *grand'* (7): 74:12, 156:14... *grande* (3): 74:13, 90:2, 203:13.

◇ Masc. pl. (1): *grandes* (1): 251:26.

◇ Fem. sg. (190): *Gran* (2): 209:1, 234:1. *gran* (179): 1:14, 2:4... *grand'* (4): 2:1, 2:25... *grande* (5): 91:18, 231:17...

◇ Fem. pl. (2): *grandes* (2): 255:19, 297:14.

### 1.3.3. Formas plenas e encurtadas

A coexistencia de formas plenas e encurtadas dáse no paradigma de distintas clases de palabras. O pronome (*mia / ma*), o adxectivo (*santo / san*) ou o verbo (*avia / ia*) son os que mellor representan esta dualidade.

Para o adxectivo *grande*, en CA hai un reparto en perfecta relación de complementariedade entre formas plenas e encurtadas. As segundas, sempre de singular, só se rexistran –e en exclusividade– en contexto frástico de anteposición a palabras que comezan por consoante. En todos os outros contextos son exclusivas as formas plenas. Na exemplificación poñemos énfase nas formas plenas, por seren en CA as menos comúns:

◇ *Plenas* (22-23?):

1. Formas de plural (3): “*grandes desejos*” (PayGmzCha, 251:26), “*grandes herdades*” (PayGmzCha, 255:19), “*coitas grandes*” (VaRdzCal, 297:14).

2. Formas de singular (19):

2a. En usos oracionais atributivos (6): “*Ca esta cuita, sennor, tan grand' é / com' eu vos dixen*” (VaFdzSend, 2:25), “*E est' é mui grande*” (NuFdzTor, 74:13), “*coita d' amor qual vos ora direi: / tan grande que me faz perder o sén*” (BonGen, 265:5), “*coita d' amor qual vos quero dizer: / tan grande que me faz perder o sén*” (BonGen, 265:11); “*coita d' amor qual vos eu direi ja: / tan grande que me faz perder o sén*” (BonGen, 265:17), “*que non moira mui çed' én con pesar; / Que ei mui grande desto, mia sennor*” (JLpzUlh, 203:13).

2b. En usos frásticos de posposición –a substantivo– (6): “*coita grande*” (JGarGlh, 231:17), “*cuita grand'*” (2) (PaySrztTa, 32:15; VaFdzSend, 9:1); “*pesar grande*” (PGarBu, 90:2); “*con mia morte rason / faç' eu mui grande*” (PGarBu, 91:18).

2c. En usos frásticos de anteposición a palabra –substantivo– que comeza por vogal (8): “*grand' afân*” (NuFdzTor, 74:2); “*grand' affan*” (4) (FerGvzSeav, 214:2; JSrztCoe, 172:2; JVqzTal, 242:15; VaGil, 156:14); “*grand' amor*” (2) (FerVelho, 257:15; RoyPaezRib, 197:24); “*grand' enveja*” (VaFdzSend, 2:1).

3. Casos problemáticos (1): “*E da gran coita de que soffredor / foi, e do mal, muit’ á, sen meu prazer, / a vós dev’ én mui [...] grand’ a poer, / ca non me dé Deus de vós ben, sennor, / que me pod’ amparar de seu pavor*” (FerVelho, 262:15). Se ben na lectura de Mariña Arbor a forma é claramente *grand’*, Dna. Carolina (1990:514) edita “[*bon grad’*]”, baseándose nunha corrección marxinal en CA consistente na introdución de “bõ”, que implica, ao seu parecer –e con bastante sentido– a substitución de “*grand’*” por “*grad’*”. De ser isto correcto, haberá que eliminar este caso da entrada **grande** e levalo á entrada **grado**.

◇ *Encurtadas* (393): formas de singular en usos frásticos de anteposición a palabra –substantivo– que comeza por consoante: *gran coita* (VaFdzSend, 2:6, 5:28, 6:17, 7:11...), *gran ben* (VaFdzSend, 5:1, 8:6, 12:1...), *gran pesar* (VaFdzSend, 13:2; PaySrztav, 24:2, 25:12...), *gran sabor* (VaFdzSend, 3:17; AyCarp, 65:16; PaySrztav, 33:3...), *gran pavor* (JSrzSom, 21:7; MartSrzt, 44:5, 49:22...), etc.

#### 1.3.4. Familia morfolóxica

Revisten interese na análise morfolóxica as redes que unen palabras relacionadas por compartiren o mesmo lexema, o mesmo prefixo ou o mesmo sufixo. Coa inclusión destas referencias cruzadas no glosario é posible visualizar, ademais das propias redes, os mecanismos de derivación afixal e a súa implantación real nun punto concreto da historia da lingua. Neste apartado recolleamos unicamente as agrupacións lexemáticas. As de carácter afixal contemplámolos nun dos índices do glosario, o que nos libera de ter que repetir completa a lista de palabras en cada ítem que conteña un determinado afixo. O balance para o adxectivo *grande* é ben escaso en CA:

◇ *grãadez* (subs.) (1): AnVI (MartMo?), 304:15 (*vid. grandeza*).

#### 1.4. Sintaxe

A presenza de información sintáctica na microestrutura das clases nominais (substantivo, adxectivo e pronome) límitase ao ámbito da frase nominal no caso do substantivo e do pronome. No adxectivo incluímos tamén unha mínima información sintáctica oracional, consistente na indicación da función que desempeña nela cando, sen formar parte dunha frase nominal, se integra directamente no esquema da oración. Co resultado da catalogación ben regrada destas estruturas, moi nomeadamente as frásticas, queremos ir preparando o terreo para os estudos –medievais e diacrónicos– da sintaxe frástica.

No nivel da frase nominal contemplamos dous grandes tipos de esquemas, segundo presenten ou non determinante(s) (“Núcleo(s) + Modificador(es)” neste segundo). Dentro dos que teñen determinante(s) distinguimos entre os que constan de só dúas magnitudes funcionais (“Determinante(s) + Núcleo(s)” e “Determinante(s) + Modificador(es)”) e os que presentan as tres magnitudes (“Determinante(s) + Núcleo(s) + Modificador(es)”).

Na ordenación dos esquemas sen determinante(s) aplicamos, nesta orde, os criterios da ordenación dos elementos e do grao de complexidade da estrutura. De por parte, para os esquemas con presenza de determinante(s) aplicamos sucesivamente os criterios da(s) categoría(s) gramatical(is) que asume(n) a determinación, da ordenación dos elementos e do grao de complexidade da estrutura.

No nivel da oración dámos noticia unicamente da función que desempeña e das modificacións adverbiais das que é obxecto o adxectivo.

### 1.4.1. Modos de integración

#### 1.4.1.1. Contexto frástico nominal (409)

##### 1.4.1.1.1. Usos absolutos (-)

##### 1.4.1.1.2. Esquemas combinativos

##### 1.4.1.1.2.1. Núcleo(s) + Modificador(es) (338)

• X + Substantivo (181): 2:1, 3:1...

· X + Substantivo + Adxectivo (2): 133:9, 299:16.

· X + Substantivo + Frase preposicionada (11): 21:7, 39:1...

· X + Substantivo + Oración de relativo (10): 33:3, 60:5...

· Adverbio + X + Substantivo (120): 1:14, 2:4...

· Adverbio + X + Substantivo + Frase preposicionada (4): 91:3, 94:2...

· Adverbio + X + Substantivo + Oración de relativo (4): 89:23, 105:22...

• Substantivo + X (2): 9:1, 32:15.

· Substantivo + X + Oración de relativo (3): 35:12, 90:2, 231:17.

· Substantivo + Adverbio + X (1): 91:18.

##### 1.4.1.1.2.2. Determinante(s) + Núcleo(s) (-)

##### 1.4.1.1.2.3. Determinante(s) + Modificador(es) (-)

##### 1.4.1.1.2.4. Determinante(s) + Núcleo(s) + Modificador(es) (71)

• Art. def. + X + Substantivo (11): 24:22, 129:20...

· Art. def. + X + Substantivo + Frase preposicionada (1): 65:12.

· Art. def. + X + Substantivo + Oración de relativo (23): 24:26, 44:4...

· Art. def. + Adverbio + X + Substantivo (2): 214:2, 266:2.

· Art. def. + Adverbio + X + Substantivo + Frase preposicionada (4): 250:6, 250:12...

· Art. def. + Adverbio + X + Substantivo + Oración de relativo (27): 3:17, 17:16...

• Dem. + X + Substantivo (1): 16:6.

• Pron. Id. + X + Substantivo (1): 25:10.

· Pron. Id. + Substantivo + X + Oración de relativo (1): 297:14.

##### 1.4.1.2. Contexto oracional (6)

◊ Atributo (6): Adv. + X (6): • *moi* (2): 74:13 [“*Que prol vus á d’eu estar / sempre por vós [en] grand’afan? / E est’ é mui grande, de pran!*”], 203:13 [“*e non poss’eu muito*”]

*viver assi / que non moira mui çed'én con pesar; / Que ei mui grande desto, mia sennor; / de que me non queredes gradeçer*”]. • **tan** (4): 2:25 [“atanto que ei no meu coraçon / coita d' amor qual vos ora direi: / tan grande que me faz perder o sén, / e mia sennor sol non sab'én de ren”], 265:5 [“Ora non moiro, nen vivo, nen sei / como me vai, nen ren de mi senon / atanto que ei no meu coraçon / coita d' amor qual vos ora direi: / tan grande que me faz perder o sén, / e mia sennor sol non sab'én de ren”], 265:11 [“tan grande que me faz perder o sén”], 265:17 [“tan grande que me faz perder o sén”].

### 1.4.2. Concordancias anómalas

1.4.2.1. Contexto frástico nominal (-)

1.4.2.2. Contexto oracional (-)

### 1.5. Fraseoloxía

Por non ter aínda concluída a análise fraseolóxica, preferimos non achegar aquí datos e, deste xeito, evitar conclusións non suficientemente maduras.

## 2. Aspectos literarios

Con este apartado non se pretende introducir unha pinga de análise literaria, nin sequera de análise métrica. Móvenos unicamente o afan de presentar sistematicamente na microestrutura das voces o inventario, lematizado e etiquetado gramaticalmente, das palabras que ocupan un lugar destacado na cantiga, nomeadamente as que son *incipit* de cantiga e as que figuran en posición de rima. Desta maneira facilitamos que quen estea interesado nestas formas para o seu estudo literario conte cun banco de datos ben organizado que lle permita empregar entrecruzadamente parámetros como a clase de palabra, os accidentes gramaticais (xénero, número, tempo, persoa gramatical...), a identidade autorial, a cronoloxía, etc.

2.1. En posición de rima (-)

2.2. En inicio de cantiga (2)

◇ “*Gran coita soffr' e vo[u-a negando]*” (FerGvzSea, 209:1).

◇ “*Gran sazon á que eu morrera ja*” (JGarGIlh, 234:1).

## Referencias bibliográficas

BILEGA = Francisco García Gondar (dir) (1994-) *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>).

Brea López, Mercedes (dir.) *MedDB 2.1. Base de datos da lírica profana galego-portuguesa*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2>).

- Cunha, António Geraldo da (2009<sup>3</sup>) *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Lexikon.
- DCELC = Joan Corominas (1991) *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Con la colaboración de José A. Pascual. Madrid: Gredos.
- DDMe = Ernesto González Seoane (dir.) (2006) *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago (anexo 57 de *Verba*).
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Houaiss, António (2001) *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- Lorenzo, Ramón (1977) *La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. II. Glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
- Machado, José Pedro (1995<sup>7</sup>) *Dicionário etimológico da língua portuguesa, com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (1990 [1904, 1920]) *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da edição de Halle (1904), acrescentada de um prefácio de Ivo CASTRO e do glossário das cantigas (*Revista Lusitana*, XXIII). Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Nascentes, Antenor (1932) *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Francisco Alves.
- Santamarina, Antón (2008) Os dicionários históricos. Trazos dun dicionario histórico galego e consideracións sobre a súa viabilidade. In E. González & A. Santamarina & X. Varela (eds.) *A lexicografía galega moderna. Recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega & Consello da Cultura Galega, pp. 343-392.
- Tato Plaza, Fernando (1999) *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-) *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>).

## APÉNDICES

### Apéndice 1. Modelo de microestrutura dos adxectivos

#### 1. ASPECTOS LINGÜÍSTICOS

##### 1.1. CABEZALLO

##### 1.1.1. Lema

##### 1.1.1.1. Lema moderno (DHG)

##### 1.1.1.2. Lema na obra (CA)

##### 1.1.1.3. Lema medieval (DGM)

- 1.1.2. N° de ocorrencias
- 1.1.3. Étimo
- 1.1.4. Categoría gramatical
- (1.1.5. Semántica (resumo))
- 1.2. SEMÁNTICA
  - (1.2.1. Subcabezallo X, Y, Z)
    - (1.2.1.1. Sublema (moderno))
    - (1.2.1.2. N° de ocorrencias)
    - (1.2.1.3. Subcategoría gramatical)
    - (1.2.1.4. Semántica (resumo))
  - 1.2.2. Acepções (definición) (localización na obra)
  - 1.2.3. Combinatoria
    - 1.2.3.1. Con substantivos
    - 1.2.3.2. Con adverbios
  - 1.2.4. Familia semántica (hiperonimia, hiponimia, sinonimia e antonimia)
- 1.3. MORFOLOXÍA
  - 1.3.1. Paradigma: expresións (táboa resumo)
  - 1.3.2. Paradigma: localización na obra
  - 1.3.3. Formas plenas e encurtadas
  - 1.3.4. Familia morfolóxica
- 1.4. SINTAXE (clases nominais)
  - 1.4.1. Modos de integración
    - 1.4.1.1. Contexto frástico nominal
      - 1.4.1.1.1. Usos absolutos
      - 1.4.1.1.2. Esquemas combinativos
        - 1.4.1.1.2.1. Núcleo(s) + Modificador(es)
        - 1.4.1.1.2.2. Determinante(s) + Núcleo(s)
        - 1.4.1.1.2.3. Determinante(s) + Modificador(es)
        - 1.4.1.1.2.4. Determinante(s) + Núcleo(s) + Modificador(es)
    - 1.4.1.2. Contexto oracional
  - 1.4.2. Concordancias anómalas
    - 1.4.2.1. Contexto frástico
    - 1.4.2.2. Contexto oracional
- 1.5. FRASEOLOXÍA
  - 1.5.1. Locucións
  - 1.5.2. Enunciados fraseolóxicos
- 2. ASPECTOS LITERARIOS
  - 2.1. Posición de rima
  - 2.2. *Incipit* de cantiga

**Apêndice 2. Nomenclatura abreviada dos poetas do Cancioneiro da Ajuda**  
(MedDB 2.1)

---

|            |                                      |
|------------|--------------------------------------|
| AfLpzBay   | Afonso Lopez de Baian                |
| AnI        | RoyGmzBret? = Roi Gomez de Briteiros |
| AnII       | EstTrav? = Estevan Travanca          |
| AnIII      | VaPrzPar? = Vasco Perez Pardal       |
| AnIV       | AfEaCot? = Afons' Eanes do Coton     |
| AnV        | ?                                    |
| AnVI       | MartMo = Martin Moxa?                |
| AyCarp     | Airas Carpancho                      |
| BonGen     | Bonifaci Calvo (Bonifaz de Genua)    |
| EstFai     | Estevan Faian                        |
| FerGarEsg  | Fernan Garcia Esgaravunha            |
| FerGvzSeav | Fernan Gonçalvez de Seabra           |
| FerPad     | Fernan Padron                        |
| FerVelho   | Fernan Velho                         |
| JGarGlh    | Johan Garcia de Guilhade             |
| JLpzUlh    | Johan Lopez de Ulhoa                 |
| JNzCam     | Johan Nunez Camanez                  |
| JPrzAv     | Johan Perez d' Aboim                 |
| JSrzCoe    | Johan Soarez Coelho                  |
| JSrzSom    | Johan Soarez Somesso                 |
| JVqzTal    | Johan Vasquiz de Talaveira           |
| MartSrz    | Martin Soarez                        |
| MenRdzTen  | Men Rodriguez Tenoiro                |
| NuFdzTor   | Nuno Fernandez (Torneol?)            |
| NuRdzCan   | Nuno Rodriguez de Candarei           |
| PayGmzCha  | Pai Gomez Charinho                   |
| PaySrzTav  | Pai Soarez de Taveiros               |
| PEaSol     | Pedr' Eanes Solaz                    |
| PGarBu     | Pero Garcia Burgalês                 |
| PGmzBarr   | Pero Gomez Barroso                   |
| PPon       | Pero da Ponte                        |
| RoyFdz     | Roi Fernandiz                        |
| RoyPaezRib | Roi Paez de Ribela                   |
| RoyQuey    | Roi Queimado                         |
| VaFdzSend  | Vasco Fernandez Praga de Sandin      |
| VaGil      | Vasco Gil                            |
| VaRdzCal   | Vasco Rodriguez de Calvelo           |

---